

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

*RESOLUCIÓN do 18 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MR362A).*

Galicia conta cunha moi ampla oferta gastronómica de excepcional calidade, froito da transmisión de xeración en xeración do saber facer tradicional e da existencia dunhas materias primas de gran valor culinario.

Para a protección destes produtos típicos dun territorio e a súa promoción foron creadas as denominacións de orixe e as indicacións xeográficas protexidas. Este sistema de protección, que inicialmente foi deseñado para os viños, tivo nas últimas dúas décadas un importante desenvolvemento en toda a Unión Europea e actualmente acolle un gran repertorio de produtos de todo o ámbito alimentario.

Estes indicativos de calidade constitúen unha importante ferramenta no desenvolvemento rural por múltiples razóns. Por unha parte, delimitan unha zona concreta do territorio onde se pode producir e elaborar o produto acollido, coincidindo coa zona na que tradicionalmente se viña facendo, o que favorece que todo o valor engadido e a riqueza xerada quede nesa zona. Por outra parte, o seu recoñecemento impide que a denominación poida ser empregada por aqueles operadores que non teñen dereito ao seu uso, ademais de prestixiar e dar a coñecer a zona de produción, potenciando outras actividades económicas que se desenvolvan nese territorio.

Socialmente, as denominacións de calidade obrigan a ter unha organización de produtores e industrias que favorece o dinamismo da zona e potencia o traballo integrador de todo o sector. Por último, hai que sinalar que a través da elaboración destes produtos diferenciados e do uso dunha marca ou contramarca conxunta, pódense facer viables producións que, polo seu escaso volume, doutro xeito terían moito máis difícil o acceso aos mercados.

En resumo, o establecemento dunha denominación de calidade nunha zona pode considerarse como unha oportunidade que se abre para dar viabilidade a certos tipos de produ-



cións agroalimentarias, permitindo o desenvolvemento ou a consolidación da agricultura e a agroindustria da zona e facilitando a xeración de riqueza e dinamismo social nela.

En Galicia existen actualmente 35 denominacións de orixe e indicacións xeográficas no ámbito agroalimentario, ás cales habería que engadir, como outro réxime de calidade, as producións ecolóxicas certificadas na nosa comunidade autónoma. A importancia económica e social destas denominacións de calidade queda de manifesto tanto polo valor total da produción certificada, superior aos 600 millóns de euros, como polo número de produtores implicados, preto de 25.000, e o de industrias, por riba de 1.000.

A política da Comunidade Autónoma respecto destes indicativos de calidade foi sempre de claro apoio, xa que son o baluarte da produción alimentaria galega. Por iso, no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 aprobado pola Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, e modificado por última vez mediante a Decisión de execución da Comisión C (2023) 8731 final, do 6 de decembro de 2023, recolleuse unha submedida, a 3.10, destinada a financiar os gastos en que incorran os agricultores como consecuencia da súa incorporación a estes réximes de calidade. Esta submedida púxose en marcha a través da Orde do 22 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2016.

Coa creación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (en diante, a Axencia) mediante o Decreto 52/2018, do 5 de abril, dáse un novo impulso á política de protección da calidade alimentaria ao unificar nun único organismo as competencias de formación, investigación, promoción e protección da calidade diferenciada alimentaria no ámbito galego. Desde a súa creación, a Axencia asumiu a xestión desta liña de axudas. Deste xeito, para o exercicio 2023, mediante a Resolución da Axencia do 4 de abril de 2023, aprobáronse as últimas bases reguladoras xunto coa convocatoria para ese ano.

Unha vez iniciado o exercicio orzamentario 2024, é preciso realizar algunhas modificacións puntuais nas bases reguladoras e realizar a convocatoria correspondente a este ano. Para unha maior seguranza xurídica e para facilitar o manexo da norma aos interesados, óptase pola publicación, xunto coa convocatoria, dunhas novas bases reguladoras que recollan estes cambios.



En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, así como proceder á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2024 (código de procedemento MR362A).

CAPÍTULO I

**Bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade**

Artigo 2. *Definicións*

1. Para os efectos desta resolución, establécense as seguintes definicións:

a) Agricultor/a: a persoa física ou xurídica, titular dunha explotación agraria inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) e que cumpra coa condición de agricultor activo segundo o establecido no artigo 9 do Regulamento (UE) núm. 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no capítulo I do título II do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

b) Réximes de calidade: os establecidos nos seguintes regulamentos europeos:

1º. Produción agrícola ecolóxica, regulada a través do Regulamento (UE) núm. 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 834/2007 do Consello.

2º. Denominacións de orixe protexidas (DOP), indicacións xeográficas protexidas (IXP) e especialidades tradicionais garantidas (ETG) reguladas polo Regulamento (UE) núm. 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.



3º. Denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) de viños, reguladas na parte II, título II, capítulo I, sección 2ª, do Regulamento (UE) núm. 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a OCM dos produtos agrarios.

4º. Indicacións xeográficas de bebidas espirituosas reguladas no Regulamento (CE) núm. 2019/787 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019, sobre a definición, designación, presentación e etiquetaxe das bebidas espirituosas, a utilización dos nomes das bebidas espirituosas na presentación e etiquetaxe doutros produtos alimenticios, a protección das indicacións xeográficas das bebidas espirituosas e a utilización de alcohol etílico e destilados de orixe agrícola nas bebidas alcohólicas, e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 110/2008.

2. Nestes réximes de calidade inclúense tamén os correspondentes ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas que aínda non están definitivamente inscritas no correspondente rexistro comunitario, pero que teñen xa enviada á Comisión Europea a documentación para a inscrición e contan xa coa protección nacional transitoria.

### Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias que cumpran a condición de agricultor activo conforme o establecido no artigo 9 do Regulamento (UE) núm. 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no capítulo I do título II do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, e que participen por primeira vez nalgún dos réximes de calidade dos produtos agroalimentarios definidos na letra b) do artigo 2 e recollidos no PDR de Galicia 2014-2020. En todo caso, a data da alta no réxime de calidade ten que ser posterior ao 18 de novembro de 2015, data de aprobación do PDR de Galicia 2014-2020 e anterior á data límite do período subvencionable que se defina en cada convocatoria.

2. No caso do programa de calidade relativo á produción ecolóxica, tamén terá a consideración de nova participación aquela que se refira a agricultores/as que, tendo previamente actividade no dito programa, inicien a actividade de produción ecolóxica con destino ao mercado en relación con algunha nova orientación produtiva. En todo caso, esta nova orientación produtiva debe ter unha dimensión económica suficiente para superar a consideración de actividade de autoconsumo. Para estes efectos, no anexo III recóllense, para distintas orientacións produtivas, os valores que se deben superar para considerar que a actividade ten vocación comercial e, polo tanto, está por riba dos valores do mero autoconsumo.



**Artigo 4. Gastos subvencionables e contía das axudas**

1. Serán subvencionables os custos fixos ocasionados pola inscrición nun réxime de calidade e a cota anual de participación no dito réxime, incluídos, de ser o caso, os custos dos controis necesarios para comprobar o cumprimento dos requisitos do réxime. Non se considerarán subvencionables os custos internos ou de autocontrol.

No caso das persoas beneficiarias por comezaren nunha nova orientación produtiva dentro da produción ecolóxica, os gastos deberán estar relacionados con esa nova orientación produtiva.

2. A contía da axuda será do 100 % dos gastos subvencionables realizados, sen superar os 3.000 euros anuais por explotación, durante un período máximo de cinco anos.

3. Non se tramitarán expedientes cuxa contía non supere os 50 €.

**Artigo 5. Réxime de concesión e criterios de selección das axudas**

1. A concesión das axudas para fomentar a participación dos/das agricultores/as en réximes de calidade realízase en réxime de concorrencia competitiva.

2. Os criterios de selección das solicitudes e a puntuación que se lles outorga son os seguintes:

a) Tipoloxía do réxime de calidade.

De acordo con este criterio, outorgaranse as seguintes puntuacións:

1º. Agricultores/as que se incorporen por vez primeira ao réxime da agricultura ecolóxica ou que incorporen por primeira vez novas orientacións produtivas nese réxime de calidade: 30 puntos.

2º. Agricultores/as que se incorporen por primeira vez a algunha DOP ou IXP das reguladas no Regulamento (UE) núm. 1151/2012 ou a algunha DOP das recollidas na parte II, título II, capítulo I, sección 2, do Regulamento (UE) núm. 1308/2013: 20 puntos.

3º. Agricultores/as que se incorporen a calquera dos restantes réximes de calidade obxecto de axudas: 10 puntos.



b) Novidade do réxime de calidade (5 puntos):

Segundo este criterio concederanse cinco puntos no caso de nova participación de agricultores/as en réximes de calidade con menos de 10 anos de antigüidade. Non se outorgará ningún punto en caso contrario.

Para o cálculo da antigüidade do réxime de calidade terase en conta a data de constitución do correspondente consello regulador nos réximes de calidade para os cales exista. Para os réximes para os cales non exista un consello regulador tomarase a data de inscrición do réxime nos diferentes rexistros europeos de denominacións de orixe protexidas, indicacións xeográficas protexidas e especialidades tradicionais garantidas.

c) Participación en máis dun réxime de calidade (5 puntos):

De acordo con este criterio outorgaranse cinco puntos aos/ás agricultores/as inscritos/as en máis dun réxime de calidade subvencionable e ningún punto aos que non cumpran a condición.

d) Situación en zona de montaña (5 puntos):

Segundo este criterio obterán cinco puntos os/as agricultores/as cuxa explotación se atope en zona de montaña definida segundo o establecido na medida 13 do PDR 2014-2020. Os que non cumpran este requisito non obterán ningún punto.

e) Muller (5 puntos):

En aplicación deste criterio obterán cinco puntos as persoas físicas que teñan a condición de muller e ningún punto os restantes solicitantes.

f) Agricultor/a mozo/a (5 puntos):

Conforme este criterio obterán cinco puntos as persoas físicas que non teñan máis de corenta anos no momento en que se incorporan ao réxime de calidade. Os solicitantes que non cumpran esta condición non obterán ningún punto de acordo con este criterio.

3. Para a preparación da proposta de resolución, as solicitudes ordenaranse de maior a menor puntuación, e quedarán excluídas as que non acaden a puntuación mínima de vinte puntos. A puntuación máxima que se pode acadar é de 50 puntos, xa que os expedientes que levan 30 puntos polo primeiro criterio (agricultura ecolóxica) non levan ningún punto



conforme o segundo criterio (novidade do programa). En caso de igualdade na puntuación, seleccionaranse os expedientes que obteñan maior puntuación no criterio de valoración «novidade do réxime de calidade». De persistir o empate, seleccionaranse os expedientes que teñan a puntuación máis alta en cada un dos restantes criterios segundo a seguinte orde:

- a) Participación en máis dun réxime de calidade.
- b) Situación en zona de montaña.
- c) Muller.
- d) Agricultor/a mozo/a.

Se aínda así persistise o empate, seleccionaranse os expedientes correspondentes ás persoas solicitantes de menor idade.

#### Artigo 6. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse anualmente en formulario dirixido á Axencia conforme o anexo I desta orde, acompañado da documentación complementaria que se indica no artigo 7.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. O prazo de presentación de solicitudes será o que se estableza na convocatoria anual correspondente.





**Artigo 7. Documentación complementaria**

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) No caso de solicitantes persoas xurídicas, documentación acreditativa da condición de representante da persoa que asina a solicitude.

b) Certificación do consello regulador correspondente que acredite que se trata dun/dunha agricultor/a que participa por primeira vez no réxime de calidade e indique a data de incorporación ao dito réxime. Poderase utilizar o modelo de certificación que figura no anexo II.

c) No caso de agricultores/as que solicitan a axuda por iniciar a actividade nunha nova orientación produtiva en agricultura ecolóxica, certificación do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) conforme esta nova orientación produtiva acada a dimensión mínima que se establece no anexo III. Poderase utilizar o modelo de certificación que figura no anexo IV.

d) No caso de solicitantes que participan nalgún outro réxime de calidade, certificación do consello regulador correspondente que acredite a súa inscrición. Poderase utilizar o modelo de certificación que figura no anexo V.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.





As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Atriga.
- f) Documentación fiscal que acredite os ingresos agrarios percibidos no período impositivo dispoñible máis recente.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.



Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. A aplicación e verificación da figura de agricultor activo realizarase segundo o establecido no capítulo I do título II do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para recadar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información fiscal necesaria. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar a documentación fiscal que acredite os ingresos agrarios no período impositivo dispoñible máis recente e toda aquela outra documentación que fose necesaria para acreditar a dita condición. No caso particular de solicitantes persoas xurídicas, sempre deberá declarar na solicitude o total de ingresos agrarios percibidos no período impositivo dispoñible máis recente. O órgano xestor, despois de verificar os datos declarados, solicitará, se o considera necesario, a documentación xustificativa dos ingresos declarados.

#### Artigo 9. *Notificacións*

1. As notificacións de actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entida-



des instrumentais e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 10. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude, deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 11. *Obrigas tributarias, coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e outros requisitos para ter a condición de beneficiario*

Non poderán ter a consideración de beneficiarios aqueles solicitantes que non cumpran os requisitos que se establecen para eles no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, non se concederán nin pagarán subvencións a solicitantes ou beneficiarios que non estean ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que teñan débedas pendentes de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Facenda e Administración Pública).

De acordo co establecido no artigo 52 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, e co previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma poderá ser realizada mediante unha declaración responsable do solicitante no caso de que as axudas que se concedan non superen por beneficiario ou beneficiaria e axuda o importe de 1.500 euros.



**Artigo 12. Instrución e resolución**

1. Correspóndelle á Área de Calidade Alimentaria da Axencia a instrución do procedemento. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta resolución, a dita axencia requirirá a persoa interesada para que a repare no prazo máximo e improrrogable de dez días e indicarlle que, se non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude, logo dunha resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O exame e valoración das solicitudes levaraos a cabo unha Comisión de Valoración constituída do seguinte xeito:

Presidencia: a persoa que ocupe a xefatura da Área de Calidade Alimentaria.

Vogais: dúas persoas do persoal funcionario do Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria.

Secretario/a: unha persoa do cadro de funcionarios do dito departamento, que actuará con voz e voto.

3. A Comisión de Valoración, aplicando os criterios establecidos no artigo 5 desta resolución, examinará as solicitudes presentadas e emitirá un informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada. De acordo co dito informe, a Área de Calidade Alimentaria da Axencia elaborará a proposta de resolución e elevaraa ao órgano competente para resolver. A proposta deberá conter unha relación dos solicitantes para os cales se propón a axuda, a contía desta e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

4. A persoa titular da dirección da Axencia resolverá as solicitudes no prazo máximo de 5 meses contados desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. A resolución de concesión de axuda establecerá o prazo máximo de xustificación dos investimentos, que será improrrogable e polo menos posterior en dez días á finalización do período subvencionable e, en calquera caso, anterior á data límite do 15 de decembro.



6. De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións de concesión publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Nesta resolución, conforme o establecido no punto 1.5 do anexo III «Notificación da concesión da axuda» do Regulamento de execución (UE) núm. 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, informárase de que o gasto se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado polo Feader incluído dentro da medida 3 «réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios», prioridade 3, do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e especificárase a data da convocatoria, o beneficiario, a finalidade da subvención outorgada, a cantidade concedida o prazo máximo para a realización e xustificación dos gastos soportados, que será polo menos posterior en quince días á finalización da realización do gasto subvencionado, así como a indicación das causas da desestimación, e expresarán, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o cal deben presentarse e prazo para interpoñelos.

7. Darase publicidade das subvencións concedidas na páxina web oficial e no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### Artigo 13. *Tramitación do pagamento das axudas*

1. Realizados os gastos presentarase ante a Axencia a seguinte documentación:

– Solicitud de pagamento, conforme o formulario do anexo VI.

– Xustificantes dos gastos efectuados: facturas ou documento de valor probatorio equivalente, cunha relación numerada delas, así como a documentación que acredite o seu pagamento.

2. A xustificación económica dos gastos e pagamentos por entrega de bens e prestacións de servizos axustárase ao establecido no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co establecido no parágrafo 3 do citado artigo, poderase aceptar a xustificación de pagamentos mediante recibo do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros.



3. O órgano encargado da tramitación poderá ter en conta a solicitude de pagamento e os xustificantes dos gastos efectuados, se estes xa foron achegados polo beneficiario no momento da solicitude.

#### Artigo 14. *Seguimento e control*

1. Calquera modificación que afecte substancialmente a realización dos gastos aprobados deberá ser previamente comunicada á Axencia. No caso de redución da contía dos gastos realizados, e sempre que se manteñan os obxectivos iniciais e se cumpran os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e de conformidade co artigo 14, letra m), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a subvención verase reducida na contía proporcional correspondente.

2. A Axencia realizará as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o axeitado seguimento e control das axudas concedidas. Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poidan exixir os órganos correspondentes da Axencia, as persoas beneficiarias deberán someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das entidades competentes e, en particular, da Consellería do Medio Rural, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) e do Consello de Contas, e as que sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

3. De acordo co establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, as persoas beneficiarias destas axudas quedan obrigadas a proporcionar á autoridade de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegase a realización de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades.

4. Seralles de aplicación ás axudas previstas nesta resolución o referido a controis administrativos, sobre o terreo e *a posteriori*, así como o réxime de controis, reducións e exclusións reguladas no Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, modificado polo Regulamento de execución (UE) núm. 2017/1242 da Comisión, do 10 de xullo de 2017.



5. Conforme o disposto no artigo 66.1.c) do Regulamento (UE) núm. 1305/2013, a persoa beneficiaria da axuda deberá levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas á operación subvencionada.

*Artigo 15. Modificación da resolución, incumprimento e reintegro*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, a persoa beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido sempre e cando non se alteren esencialmente a natureza e os obxectivos da axuda aprobada, non se produzan danos en dereitos de terceiros e, en todo caso, non se incumpran as condicións recollidas polo artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. A dita solicitude de modificación deberá ser presentada antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade e serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia.

2. Se a persoa beneficiaria da axuda cumpre as condicións establecidas na resolución de concesión, executando e xustificando todos os conceptos dos gastos aprobados nos prazos establecidos, e cumpre co resto dos requisitos da resolución de concesión, procederá a aboarse a totalidade da subvención concedida. No caso contrario existirá un incumprimento, en que se aplicarán os seguintes criterios:

a) Cando a persoa beneficiaria non realice e xustifique nos prazos establecidos ningunha das actuacións obxecto da axuda existirá un incumprimento total e non se pagará ningunha axuda.

b) Cando a persoa beneficiaria realice parcialmente e xustifique nos prazos establecidos as actuacións obxecto da axuda, aboarse a subvención proporcional correspondente sempre que estea relacionada con actuacións finalizadas e se cumpran o resto das condicións establecidas, sen prexuízo da aplicación do establecido no artigo 63 do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

3. En calquera caso, procederá o reintegro total ou parcial das axudas concedidas ao abeiro desta orde e dos xuros de demora correspondentes no suposto de incumprimento





das condicións establecidas para a súa concesión e, en xeral, nos casos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos, os xuros de demora calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para a persoa beneficiaria indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

4. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de reintegro e infraccións e sancións previstos nos títulos II e IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 16. *Cumprimento da normativa comunitaria sobre axudas públicas*

As axudas reguladas por esta orde ampáranse no disposto no Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1698/2005 do Consello; no Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) núm. 352/78, (CE) núm. 165/94, (CE) núm. 2799/98, (CE) núm. 814/2000, (CE) núm. 1290/2005 e (CE) núm. 485/2008 do Consello; no Regulamento delegado (UE) núm. 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias; no Regulamento de execución (UE) núm. 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1305/2013; no Regulamento de execución núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no Regulamento (UE) núm. 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) nos anos 2021 e 2022, e polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 1305/2013, (UE) núm. 1306/2013 e (UE) núm. 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación nos anos 2021 e 2022 e o Regulamento (UE) núm. 1308/2013 no que respecta aos recursos e á distribución da dita axuda nos anos 2021 e 2022.



**Artigo 17. *Compatibilidade***

1. Estas axudas son compatibles ata o 100 % dos gastos subvencionables con calquera outra para o mesmo fin que non teña financiamento total ou parcial do Feader ou doutros fondos da Unión Europea, sen superar os 3.000 € anuais por explotación.

2. A persoa beneficiaria ten a obriga de comunicar de inmediato ao órgano que concede a axuda calquera subvención, axuda ou ingreso que, para a mesma finalidade e de calquera procedencia, solicítase ou lle fose concedida ou pagada.

**Artigo 18. *Medidas informativas e publicitarias das axudas cofinanciadas polo Feader***

As axudas que recolle esta orde están cofinanciadas con fondos da Unión Europea, a través do Feader, cunha participación do 75 %, así como con fondos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e da Xunta de Galicia, cunha participación do 7,50 % e do 17,50 %, respectivamente. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellería do Medio Rural farase constar que, á marxe doutras fontes de financiamento público, concorre o financiamento con fondos Feader.

**Artigo 19. *Transparencia e bo goberno***

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no título I da citada lei.

**Artigo 20. *Base de datos nacional de subvencións***

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



**Artigo 21. Réxime de recursos**

As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta resolución non porán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso de alzada perante o presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

**CAPÍTULO II  
Convocatoria das axudas para o ano 2024****Artigo 22. Convocatoria das axudas**

Convócanse para o exercicio orzamentario 2024 as axudas reguladas por esta resolución. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán os establecidos con carácter xeral nos artigos anteriores.

**Artigo 23. Prazo de presentación**

O prazo para a presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 27 de maio de 2024.

**Artigo 24. Gastos atendibles na convocatoria de 2024**

Para a convocatoria de 2024 serán atendibles os gastos imputados á campaña que comprende o período que vai do 1 de maio de 2023 ata o 30 de abril de 2024.

**Artigo 25. Financiamento das axudas**

1. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos da Axencia para o ano 2024, na aplicación orzamentaria 14.A2.713D.770.1, código de proxecto 2016.00192, cunha dotación de douscentos setenta e nove mil novecentos euros (279.900 €).

2. Os importes establecidos nesta resolución poderanse incrementar nos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Disposición adicional única. Réxime xurídico**

En todas aquelas cuestións non previstas nesta resolución haberá que aterse ao disposto no Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento



(CE) núm. 1698/2005 do Consello; no Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) núm. 352/78, (CE) núm. 165/94, (CE) núm. 2799/98, (CE) núm. 814/2000, (CE) núm. 1290/2005 e (CE) núm. 485/2008 do Consello; no Regulamento delegado (UE) núm. 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias; no Regulamento de execución (UE) núm. 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1305/2013; no Regulamento de execución núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no Regulamento (UE) núm. 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) nos anos 2021 e 2022, e polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 1305/2013, (UE) núm. 1306/2013 e (UE) núm. 1307/2013 no que respecta a os seus recursos e á súa aplicación nos anos 2021 e 2022 e o Regulamento (UE) núm. 1308/2013 no que respecta aos recursos e á distribución da dita axuda nos anos 2021 e 2022; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

Disposición derradeira primeira. *Instrucións para a aplicación desta resolución*

A Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria ditará as instrucións que sexan necesarias para a aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2024

José Luis Cabarcos Corral  
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria



<b>PROCEDEMENTO</b> AXUDAS Á NOVA PARTICIPACIÓN DE AGRICULTORES EN RÉXIMES DE CALIDADE	<b>CÓDIGO DE PROCEDEMENTO</b> <b>MR362A</b>	<b>DOCUMENTO</b> SOLICITUDE
-------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
CÓDIGO DE EXPLOTACIÓN (REAGA)	TIPO ENTIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Envíananse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DATOS BANCARIOS**

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>



**DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA**

IMPORTE DA AXUDA	RÉXIME DE CALIDADE EN QUE PARTICIPA	ORIENTACIÓN PRODUCTIVA (SÓ CRAEGA)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONCEPTO SUBVENCIÓNABLE		IMPORTE DOS GASTOS SUBVENCIÓNABLES
<input type="text"/>		<input type="text"/>
<input type="text"/>		<input type="text"/>
<input type="text"/>		<input type="text"/>

DATA DE INCORPORACIÓN AO RÉXIME DE CALIDADE	EXPLOTACIÓN EN ZONA DE MONTAÑA	
<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
<b>PARA PERSOAS FÍSICAS</b>		
DATA DE NACEMENTO	SEXO	AGRICULTOR/A MOZO/A NO MOMENTO DA INCORPORACIÓN
<input type="text"/>	<input type="radio"/> HOME <input type="radio"/> MULLER	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

- Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
  - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
  - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, conforme o artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que ten a condición de agricultor activo conforme o establecido no artigo 9 do Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no capítulo I do título II do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/>	Certificación do consello regulador que acredite a participación por primeira vez no réxime de calidade e a data de inscrición (anexo II)			
<input type="checkbox"/>	Certificación do Craega no caso de axuda por incorporación de novas orientacións produtivas (anexo IV)			
<input type="checkbox"/>	Certificación do consello regulador correspondente que acredite a inscrición nouro réxime de calidade (anexo V)			
		<b>ÓRGANO</b>	<b>CÓD. PROC.</b>	<b>ANO</b>
<input type="checkbox"/>	Acreditación da representación (para persoas xurídicas)			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

<b>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</b>	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga	<input type="checkbox"/>
Documentación fiscal que acredite os ingresos agrarios percibidos no período impositivo dispoñible máis recente	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
<b>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.</b>	
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias. En particular, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> )
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )





**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 18 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MR362A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Axencia Galega da Calidade Alimentaria



**ANEXO II**
**Modelo de certificación do consello regulador en relación coa data de incorporación ao réxime de calidade**

..... con NIF .....  
 en calidade de secretario/a do Consello Regulador .....

**CERTIFICO:**

Que ....., titular da explotación con código Reaga ....., situada en ..... iniciou a súa actividade neste réxime de calidade\* con data .....

E para que así conste para os efectos das axudas á nova participación en réximes de calidade, asino a presente certificación en ..., ... de ... de ...

Asinado:

\* No caso do réxime de calidade da agricultura ecolóxica, tamén ten a consideración de nova participación o inicio da actividade en relación con novas orientacións produtivas con destino ao mercado.

**ANEXO III**
**Dimensión mínima das novas orientacións produtivas en agricultura ecolóxica para ter a consideración de actividade comercial**

Orientación produtiva	Dimensión
Horta en invernadoiro	>250 m <sup>2</sup>
Horta aire libre	>500 m <sup>2</sup>
Patacas	>1.000 m <sup>2</sup>
Viñedo	>2.500 m <sup>2</sup>
Froiteiras	>2.500 m <sup>2</sup>
Castiñeiros e froitos secos	>5.000 m <sup>2</sup>
Vacún de leite	>2 vacas (e as súas crías)
Vacún de carne	>4 vacas
Porcino	>2 reprodutoras (coas súas crías para cebar) ou >5 porcos de ceba
Avícola carne	>210 quilos en equivalente de peso vivo de ave ao ano
Avícola posta	>15 poñedoras
Cunicultura	>5 reprodutoras
Ovino-cabrún	>10 cabezas
Equino	>5 cabezas
Apicultura	>15 colmeas

As orientacións produtivas non tabuladas serán obxecto de estudo particular.



**ANEXO IV****Certificación de inicio de nova orientación produtiva en agricultura ecolóxica**

..... con NIF .....  
como secretario/a do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia,

**CERTIFICO:**

Que ....., titular da explotación con código Reaga .....,  
situada en .....  
está inscrito/a nos rexistros deste consello regulador, con actividade nas seguintes orien-  
tacións produtivas .....

Que inicia con data ..... a actividade de produción ecolóxica na seguinte  
nova orientación produtiva .....

Que esta nova orientación produtiva, de acordo co establecido no artigo 3.2 das bases re-  
guladoras e no seu anexo III, acada unha dimensión suficiente para non ter a consideración  
de autoconsumo.

E para que así conste para os efectos das axudas á nova participación en réximes de cali-  
dade, asino a presente certificación en ..., ... de ... de ...

Asinado:

**ANEXO V****Modelo de certificación de inicio de participación noutros réximes de calidade**

....., con NIF.....  
como secretario/a do Consello Regulador .....

**CERTIFICO:**

Que ....., titular da explotación con código Reaga .....,  
situada en .....  
está inscrito/a nos rexistros deste consello regulador.

E para que así conste para os efectos das axudas á nova participación en réximes de cali-  
dade, asino a presente certificación en ....., ..... de .....

Asinado:



**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA  
DO MEDIO  
RURAL**

ANEXO VI

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO**

MR362A - AXUDAS Á NOVA PARTICIPACIÓN DE AGRICULTORES EN RÉXIMES DE CALIDADE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**SOLICITA**

Que lle sexan pagadas, de acordo cos gastos realizados e xustificados relacionados, as axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade por un importe de  €.

RÉXIME DE CALIDADE EN QUE ESTÁ INSCRITO/A OU NO CAL PARTICIPA

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DOS GASTOS SUBVENCIONABLES
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

Que non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que cumpre as obrigas do artigo 11 da citada lei, en concreto que non solicitou nin se lle concedeu axuda ningunha para os mesmos gastos das distintas administracións públicas e que está ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.


**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

Xustificantes dos gastos efectuados: facturas ou documento de valor probatorio equivalente, cunha relación numerada delas, así como a documentación que acredite o seu pagamento.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------



Axencia Galega da Calidade Alimentaria

CVE-DOG: qe80a737-zw49-f5g3-mkk1-pnkyu4ebnde1

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>